

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG12I27W	<i>Expediente</i> CON/6/2018	<i>Fecha</i> 20-11-18 14:10

Número 10 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa ao rexoitamento de ofertas presentadas e adxudicación do contrato de "obras contempladas no proxecto de renovación de viais e beirarrúas na rúa Batalla de Clavijo e anexas. Fase I. Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible, 2014-2020".

Destinatario

15078DCMG12I27W6




A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 16 de novembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

10 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO RURAL, MANTEMENTO E OBRAS PARA O EQUILIBRIO TERRITORIAL RELATIVA AO REXEITAMENTO DE OFERTAS PRESENTADAS E ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE "OBRAS CONTEMPLADAS NO PROXECTO DE RENOVACIÓN DE VIAIS E BEIRARRÚAS NA RÚA BATALLA DE CLAVIJO E ANEXAS. FASE I. FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXINAL NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO DE CRECLEMENTO SOSTIBLE, 2014-2020".

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial de data 31.outubro.2018, así como do informe favorable da xefe de sección de Intervención de data 13.novembro.2018, ao cal presta o seu conforme o interventor.

Na devandita proposta indícase o seguinte:

"Rafael Peña Vidal, concelleiro delegado de medio rural, mantemento e obras para o equilibrio territorial, e presidente da mesa de contratación da licitación "Obras contempladas no proxecto de renovación de viais e beirarrúas na rúa Batalla de Clavijo e anexas. Fase I. Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexinal no marco do Programa Operativo de Creclemento Sostible, 2014-2020", consonte aos termos establecidos no artigo 326 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 26/06/2017,



Dependencia
CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de
Santiago de Compostela
38.- DPAIG

Sello o Certificación Mecánica

Documento	Expediente	Fecha
CMG12I27W	CON/6/2018	20-11-18 14:10

EXPÓN:

Primeiro: Con data 18 de outubro de 2018, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador ALCOMTE GALICIA SL.

Segundo: Con data 30 de outubro seguinte, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requisitos.

(Handwritten mark)
En consecuencia, e consonte ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Primeiro: Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas FEVISA VIAS Y OBRAS SL, NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU, MONTAJES J M IGLESIAS SL e EXPLOTACIONES MEDIOAMBIENTALES SLU, por non xustificar debidamente a consideración das súas condicións económicas como valores anormais ou desproporcionados.

Segundo: Adxudicar o contrato de referencia á empresa ALCOMTE GALICIA SL (CIF: B15648223), por un importe de 296.103,06 euros (IVE aparte 21%: 62.181,64 euros), ó ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete unha ampliación de cinco anos do prazo de garantía das obras, un incremento do 2% dos orzamentos de control de calidade e de xestión de residuos e a implementación dun plan de comunicación por un valor do 6% do orzamento da contrata.

Designase como técnico municipal director responsable do contrato a D. Diego Briega Argomániz, arquitecto municipal.

O expediente transfórmase neste intre procedimental nun anticipado de gasto, xa que a execución material dos traballos no se iniciará ata o ano 2019, quedando condicionado, polo tanto, á súa inclusión no vindeiro exercicio orzamentario. "

Documento	Expediente	Fecha
CMG12I27W	CON/6/2018	20-11-18 14:10

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Primeiro: Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas FEVISA VIAS Y OBRAS SL, NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU, MONTAJES J M IGLESIAS SL e EXPLOTACIONES MEDIOAMBIENTAIS SLU, por non xustificar debidamente a consideración das súas condicións económicas como valores anormais ou desproporcionados.

Segundo: Adxudicar o contrato de "obras contempladas no proxecto de renovación de viais e beirarrúas na rúa Batalla de Clavijo e anexas. Fase I. Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible, 2014-2020" á empresa ALCOMTE GALICIA SL (CIF: B15648223), por un importe de 296.103,06 euros (IVE aparte 21%: 62.181,64 euros), ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Comprometer unha ampliación de cinco anos do prazo de garantía das obras, un incremento do 2% dos orzamentos de control de calidade e de xestión de residuos e a implementación dun plan de comunicación por un valor do 6% do orzamento da contrata.

Designar como técnico municipal director responsable do contrato a D. Diego Briega Argomániz, arquitecto municipal.

O expediente transfórmase neste intre procedural nun anticipado de gasto, xa que a execución material dos traballos no se iniciará ata o ano 2019, quedando condicionado, polo tanto, á súa inclusión no vindeiro exercicio orzamentario.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE
SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández



